

MÁSTER UNIVERSITARIO EN CIENCIA E TECNOLOXIA DE CONSERVACIÓN DE PRODUTOS DA PESCA

ANALISE DAS ENQUISAS DO GRAO DE SATISFACCIÓN Curso (2021 – 2022)

Neste documento faise unha recompilación e comparativa gráfica dos datos do grao de satisfacción de alumnado e persoas tituladas, profesorado e PAS.

INDICE:

1. Introducción
2. Datos gráficos: análise das enquisas do alumnado.
3. Datos gráficos: análise das enquisas do PDI
4. Datos gráficos: análise das enquisas das persoas tituladas
5. Datos gráficos: grao de satisfacción do PAS
6. Obxectivos de calidade
7. Anexo (enquisas)

1. INTRODUCCIÓN

Neste documento realízase un análise sobre o grao de satisfacción do título para o curso 2021-22 e a súa evolución para o período 2017 – 2022, tendo en conta os datos que o sistema de información da Universidade de Vigo, a través do PORTAL DE TRANSPARENCIA (dentro do seu apartado “A Universidade en cifras”) facilita para cada titulación e para os diversos apartados ou ítems a valorar, como son:

- Índice de participación
- Grao de satisfacción xeral
- Organización e desenvolvemento
- Información e transparencia
- SGC
- Recursos humanos
- Recursos materiais e servizos
- Resultados de aprendizaxe

Cabe destacar que no curso 2017-18 estes parámetros ou ítems de avaliación cambiaron respecto a os parámetros avaliados doutros anos, o que non nos permitirá, nalgúns casos, facer un análise comparativo histórico de avaliación do grao de satisfacción con outros cursos anteriores. Tamén é preciso puntualizar que na Universidade de Vigo o análise de satisfacción do profesorado e do PAS realízase con periodicidade bianual.

Doutra banda, o máster Universitario en “Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca” é un título que se imparte durante dous cursos académicos (60 ECTS repartidos en 31 e 29 ECTS /curso). No ano académico 2021-22 impartíuse o segundo curso da sexta edición do máster. A Universidade de Vigo actualmente só realiza análise de satisfacción ao alumnado de máster de primeira matrícula, polo que os datos presentados neste informe corresponden ás enquisas realizadas tras o primeiro curso do máster. No informe mostráronse algúns datos comparativos con outros cursos anteriores do Máster e con outras titulacións afíns.

2. DATOS GRÁFICOS: ANÁLISE DAS ENQUISAS DO ALUMNADO.

2.1. ANÁLISE DO GRAO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

O **Gráfico 1** mostra os resultados no grao de satisfacción do alumnado no curso 2020 – 2021, primeiro curso da 6ª edición do máster. Como se indicou na introdución, a Universidade de Vigo realiza o análise de satisfacción dos títulos de máster no primeiro curso de matrícula; polo tanto, non se recollen datos de satisfacción do segundo curso do título, que correspondeu ao curso 2021-22. Todos os indicadores de análise do grao de satisfacción mostran valores por encima de 4,5 puntos (sobre un máximo de 5 puntos), exceptuando o apartado de Sistema de Garantía de Calidade, valorado tamén moi favorablemente con 4 puntos. Destacan no curso os ítems “Recursos humanos”, “Organización e desenvolvemento” con valores de 5 e 4,64 puntos respectivamente. Cabe mencionar que a valoración xeral do título foi a mais alta de todos os títulos da Universidade de Vigo no curso 2020-21.

O **Gráfico 2** mostra os resultados no grao de satisfacción dos alumnos no curso 2018 – 2019, primeiro curso da 5ª edición do máster e do curso 2020 – 2021, primeiro curso da 6ª edición do máster. Destaca unha notable mellora en todos os apartados avaliados na 6ª edición do máster, con incrementos de máis dun punto nalgúns ítems.




Gráfico 1. Resultados das enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado do máster para os 6 parámetros enquisados no curso 2020-21, primeiro curso da 6ª edición do máster (a Universidade de Vigo so realiza análise de satisfacción dos títulos de máster o primeiro curso de matrícula do alumnado). Resultados en base a 5 puntos.




Gráfico 2. Gráfica comparativa das enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado do máster para os 6 parámetros enquisados nos cursos (2018 – 2019) e (2020 – 2021), primeiros cursos da 5ª e 6ª edición do máster, respectivamente. Resultados en base a 5 puntos.

A evolución histórica do grao de satisfacción do alumnado nos últimos anos mostra unha progresiva lixeira diminución dos valores obtidos desde o curso 2014-15 ata o 2018-19, con algún ascenso ocasional. No curso 2020-21 apréciase un considerable ascenso na valoración do alumnado, recuperando e mesmo superando a puntuación obtida no curso 2013-14. Estes resultados son alentadores, aínda que será necesario valorar a evolución futura e ver se se manteñen nos mesmos niveis.

No **Gráfico 3** represéntase o grao de satisfacción xeral dos alumnos do máster en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca no período 2013 – 2021. En xeral obsérvase un grao de satisfacción medio, nos últimos anos, de 3,70 excluindo o grao de satisfacción dos cursos 2013-14 e 2020-21, con valores próximos ou superiores ao 4,5.




Gráfico 3. Evolución do grao de satisfacción xeral do alumnado (valores promedio dos diversos apartados enquisados) para o máster no período 2013 – 2021. Resultados en base a 5 puntos.

Este feito tamén queda reflectido nos **Gráficos 4 e 5**, nos que se compara o grao de satisfacción xeral o alumnado con diversos referentes da Universidade de Vigo, para o curso 2020-2021.




Gráfico 4. Comparación do grao de satisfacción xeral do alumnado do máster, e o conxunto da Facultade de Química, ámbito científico, títulos de máster e Universidade de Vigo, no curso 2020-21. Resultados en base a 5 puntos.




Gráfico 5. Comparación do grao de satisfacción xeral do alumnado do máster, os diversos títulos da Facultade de Química, e o conxunto da Facultade de Química, ámbito científico, e Universidade de Vigo, no curso 2020-21. Resultados en base a 5 puntos.

O valor medio do grao de satisfacción do máster para o curso 2020-2021 é superior aos valores obtidos no resto de títulos impartidos na Facultade de Química, no conxunto dos títulos do ámbito científico e no conxunto da Universidade de Vigo.

O **Gráfico 6** mostra a comparación do grao de satisfacción do alumnado do máster con respecto a outros títulos ou ámbitos da Universidade de Vigo para o curso 2020-2021, considerando as diversos apartados contemplados nas enquisas. Pódese observar que, á vista dos resultados, as valoracións emitidas polo alumnado do máster en “Ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca” son, en xeral, superiores ao resto de colectivos da universidade.




Gráfico 6. Resultados das enquisas de satisfacción para o alumnado do máster no curso 2020-2021, e comparación con outros ámbitos da Universidade de Vigo. Resultados en base a 5 puntos.

2.2 GRAO DE PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NAS ENQUISAS

No que respecta ao grao de participación do alumnado do máster nas enquisas de satisfacción, os datos poden verse no **Gráfico 7**. O porcentaxe de participación do alumnado foi aumentando progresivamente desde o curso 2010-2011, ata situarse por encima do 78% no curso 2018-2019. Non obstante, detéctase un descenso moi significativo da participación do alumnado no curso 2020-2021, o que se pode atribuír, ao menos parcialmente, á particular situación social e sanitario vivida no país nos anos 2020 e 2021, derivada da pandemia do COVID 2019, que podería ter ido no detrimento da implicación do alumnado en cuestións administrativas e de participación. Compre, en todo xeito, iniciar accións para concienciar e animar ao alumnado na participación das enquisas de satisfacción, cara a cursos futuros.




Gráfico 7. Resultados do grao de participación do alumnado do máster nas enquisas de satisfacción e evolución no período 2010 – 2021.

O **Gráfico 8** mostra o grao de participación do alumnado do máster nas enquisas de satisfacción e o análise comparativo con outros colectivos de alumnos da Universidade de Vigo, para o curso 2020 – 2021. En todos os casos se detectou un considerable descenso nos porcentaxes de participación do alumnado, en comparación con cursos anteriores. Neste contexto, o grao de participación do alumnado do Máster en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca encóntranse por debaixo dos outros títulos da Facultade de Química e da media do ámbito científico. Por tanto, entendemos que é un parámetro que se debe mellorar e por este motivo seguirá sendo unha proposta de mellora para seguintes cursos.




Gráfico 8. Resultados do grao de participación do alumnado do máster nas enquisas de satisfacción e comparación cos datos das outras titulacións da Facultade de Química e a media dos títulos de máster da Universidade. Curso 2020-2021.

3. DATOS GRÁFICOS: ANÁLISE DAS ENQUISAS DO PDI

3.1. ANÁLISE DO GRAO DE SATISFACCIÓN DO PROFESORADO

A Universidade de Vigo realiza o análise de satisfacción do profesorado e do persoal de administración e servizos cada dous cursos. Respecto ao profesorado deste máster, o **Gráfico 9** mostra os resultados do grao de satisfacción do PDI para o curso 2020-2021, xa que non hai datos para o curso 2021-22. Estes datos mostran uns bos resultados, ao obter en todos os ítems enquisados valores superiores a 4,0. Destaca o apartado de resultados de aprendizaxe, con una valoración de 4,49.

Non se pode realizar unha comparación cos resultados obtidos en cursos anteriores, porque mudouse recentemente o formato de enquisas, e os ítems avaliados non eran os mesmos. Non obstante, pode indicarse que o promedio das valoracións emitidas polo profesorado do máster en 2020-21 foi de 4,33, lixeiramente superior ao promedio do curso 2018-19 (último dispoñible), que foi de 4,26. Pódese considerar, en definitiva, que se mantén o bo grao de satisfacción promedio.




Gráfico 9. Resultados das enquisas de satisfacción do PDI para os 6 parámetros enquisados no curso 2020-2021. Resultados en base a 5 puntos.

3.2 GRAO DE PARTICIPACIÓN DO PDI NAS ENQUISAS

Os **Gráficos 10 e 11** mostran o porcentaxe de participación do profesorado do máster nas enquisas de avaliación da satisfacción, en primeiros lugar facendo un análise da evolución histórica e en segundo lugar comparando o nivel de participación do profesorado do máster co de outros títulos impartidos na Facultade de Química e co conxunto das titulacións do ámbito científico.

O nivel de participación do profesorado do máster foi mellorando cos cursos nos últimos anos, en no curso 2020-21 obsérvase un porcentaxe de participación similar ao calculado nos dos últimos cursos enquisados.

A comparación co resto de titulacións da Facultade de Química indica que o grao de participación do profesorado do Máster en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca mantense no nivel superior de porcentaxe, e tamén por encima da media de participación das titulacións do ámbito científico da Universidade de Vigo.




Gráfico 10. Evolución do grao de participación do PDI do máster nas enquisas de avaliación da satisfacción durante o período 2010-2021.




Gráfico 11. Comparación do grao de participación do PDI do máster nas enquisas, con respecto a outros títulos impartidos na Facultade de Química e ao conxunto de titulacións do ámbito científico da Universidade. Curso 2020-2021.

4.- DATOS GRÁFICOS: ANÁLISE DAS ENQUISAS DAS PERSOAS TITULADAS.

4.1. ANÁLISE DO GRAO DE SATISFACCIÓN DAS PERSONAS TITULADAS

No **Gráfico 12** móstrase o grao de satisfacción das persoas egresadas avaliado no curso 2020-2021 (a Universidade non fixo enquisas aos egresados do título no curso 2021-22, xa que se emprega a mesma periodicidade que para os estudantes). En xeral os resultados están entre aproximadamente 3 e 4, destacando a puntuación máis baixa no apartado de Organización e desenvolvemento, e a máis alta no de Sistema de Garantía da Calidade.

No **Gráfico 13** obsérvase que, en xeral, os valores correspondentes ao grao de satisfacción das persoas egresadas do máster en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca están cerca do promedio da Facultade de Química, aínda que tenden a encontrarse por debaixo destes. É recomendable monitorizar a evolución futura destes valores, para valorar se é necesario propoñer algunha acción de mellora.




Gráfico 12. Resultados do grao de satisfacción das persoas tituladas do máster. Curso 2020-2021.




Gráfico 13. Resultados do grao de satisfacción das persoas tituladas por titulacións e ámbitos da Universidade de Vigo. Curso 2020-2021.

5. DATOS GRÁFICOS: GRAO DE SATISFACCIÓN DO PAS

O PAS da Universidade de Vigo está distribuído en unidades asignadas aos centros, para a tramitación dos asuntos relativos aos títulos de grao ou de máster. Polo tanto, os resultados da avaliación do grao de satisfacción do PAS non están desglosados para cada titulación. No **Gráfico 14** móstranse os datos de satisfacción do PAS da Facultade de Química obtidos no curso 2020-2021, para os 6 ítems enquisados, e comparando o PAS asignado ás titulacións de grao e de máster. A Universidade de Vigo realiza o análise de satisfacción do PAS cada dous cursos, e o curso 2020-21 é o último analizado.

En todos os casos, o nivel de satisfacción do PAS é alto, por encima de 4 puntos sobre 5. O porcentaxe de participación, por el contrario, foi moi baixo, do 7% para o PAS asignado aos títulos de grao, e do 6% para o asignado aos títulos de máster.




Gráfico 14. Datos indicativos do grao de satisfacción do PAS da Facultade de Química por titulacións de Grao e Máster. Curso 2020-2021.

6. OBXECTIVOS DE CALIDADE

Panel indicadores SGIC	Grao satisfacción	Obxectivo calidade	2016 – 17	2017 – 18	2018 – 19	2020 - 21
I02-MC	Alumnado	≥ 3,3	3,59	3,72	3,40	4,58
I03-MC	Profesorado	≥ 3,5	4,18	N.D.	3,88	4,33
I04-MC	Persoas tituladas		4,4	N.D.	3,73	3,25
I05-MC	PAS		N.D.	N.D.	4,10	4,44
I06-MC	Empregadores		4,1 UVigo	N.D.	N.D.	N.D.
I05-DO	Coa organización e desenvolvemento Alumnado	≥ 3,3	3,67	3,64	3,41	4,64
I06-DO	Coa organización e desenvolvemento Profesorado	≥ 3,7	4,15	N.D.	4,21	4,31
I07-DO	Coa organización e desenvolvemento Persoas tituladas		4,42	N.D.	3,44	2,86

* N.D.= Non dispoñible

Nota aclaratoria:

Os últimos datos de satisfacción de alumnado e persoas tituladas son os do curso 2020-21, porque a Universidade só realiza as enquisas a estes colectivos no curso de ingreso de novo alumnado. O máster é bianual, e o curso 2021-22 corresponde ao segundo curso, polo que non se fixeron enquisas.

A Universidade realiza o análise de satisfacción do profesorado e do PAS cada dous cursos, e o último dispoñible e o 2020-21.


Formulario da enquisa do grao de satisfacción do alumnado

Universidade de Vigo		Área de Calidade			
Enquisa de satisfacción do Alumnado coas Titulacións Oficiais curso 2020-2021					
Poboación:		Alumnado de grao que se matricula no curso (n-1), sendo "n" o nº de cursos totais nos que se estrutura o grao.			
Escala:		Alumnado de Mestrado que se matricoulounha materia no curso "n", sendo "n" o nº de cursos totais nos que se estrutura o mestrado			
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:					
Dimensións	Bloques	Cuestións	Respostas		
1	1	1	A distribución e orde das materias no plan de estudos	De 1 a 5	
		2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	De 1 a 5	
		3	Os horarios da titulación	De 1 a 5	
		4	O calendario das probas de avaliación	De 1 a 5	
		5	A utilidade das prácticas da titulación	De 1 a 5	
	2	2	6	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial	De 1 a 5
			7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5
			8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5
			9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de tele docencia, taboleiros, pantallas audiovisuais,...)	De 1 a 5
			10	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...)	De 1 a 5
2	3	11	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa OSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.	De 1 a 5	
		12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	De 1 a 5	
	4	4	13	As aulas e o seu equipamento	De 1 a 5
			14	Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	De 1 a 5
			15	Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	De 1 a 5
			16	As plataformas de tele docencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5
			17	A formación adquirida	De 1 a 5
			18	O cumprimento das túas expectativas formativas	De 1 a 5
Preguntas abertas					
Xerais		19	En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non	
		20	En xeral, que é o que máis valores da titulación?	Resposta aberta	
		21	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta	
		22	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta	

Febreiro - Xuño de 2021



Universidade de Vigo		Área de Calidade					
Enquisa de Satisfacción do Profesorado coas Titulacións Oficiais curso 2020-21							
Poboación: Profesorado que imparte docencia en graos e mestrados segundo o PDD							
Escala: De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)							
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:							
Dimensións		Bloques	Cuestións	Respostas			
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A estruturação ou organización temporal das materias do plan de estudos	ns/nc e de 1 a 5	
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	ns/nc e de 1 a 5	
				3	Os horarios da titulación	ns/nc e de 1 a 5	
				4	O calendario das probas de avaliación	ns/nc e de 1 a 5	
				5	As prácticas realizadas nas materias da titulación	ns/nc e de 1 a 5	
	2	Información e transparencia	2	Información e transparencia	6	A orientación académica programada no plan de acción tutorial	ns/nc e de 1 a 5
					7	A accesibilidade de información sobre a titulación publicada na web	ns/nc e de 1 a 5
					8	A utilidade de información sobre a titulación publicada na web	ns/nc e de 1 a 5
					9	A utilidade de información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de tele docencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)	ns/nc e de 1 a 5
					10	A información sobre as actividades de extensión universitaria (actividades culturais, deportivas, sociais...)	ns/nc e de 1 a 5
3	Sistema de garantía de calidade	3	Sistema de garantía de calidade	11	As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)	ns/nc e de 1 a 5	
				12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	ns/nc e de 1 a 5	
2	Recursos	4	Recursos humanos	13	A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado	ns/nc e de 1 a 5	
				14	As aulas e o seu equipamento	ns/nc e de 1 a 5	
		5	Recursos materiais e servizos	15	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	ns/nc e de 1 a 5	
				16	Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento	ns/nc e de 1 a 5	
				17	As plataformas de tele docencia e ferramentas multimedia	ns/nc e de 1 a 5	
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	18	A formación adquirida polo estudanteo (coñecementos e contidos)	ns/nc e de 1 a 5	
				19	A capacidade do estudanteo para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas	ns/nc e de 1 a 5	
Preguntas abertas							
	Xerais			20	En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non	
				21	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	Resposta aberta	
				22	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta	
				23	Podés incluír outros comentarios ou matizacións que considere	Resposta aberta	



Área de Calidade

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2020-2021

Poboación: Alumnado que finalizou os seus estudos no curso 19/20					
Escala: De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)					
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:					
Dimensións	Bloques	Cuestións	Respostas		
1 Xestión da titulación	1 Organización e desenvolvemento	1	A distribución das materias do plan de estudos	De 1 a 5	
		2	O grao de actualización dos contidos do plan de estudos	De 1 a 5	
		3	As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino	De 1 a 5	
		4	A orientación académica recibida	De 1 a 5	
	2 Información e transparencia	2	5	A orientación profesional e laboral recibida	De 1 a 5
			6	Os programas de mobilidade, de ser o caso	De 1 a 5
			7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5
			8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5
3 Sistema de garantía de calidade	3	9	As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc...	De 1 a 5	
		10	O desempeño do profesorado	De 1 a 5	
2 Recursos	4 Recursos humanos	11	A atención do persoal de administración e servizos		
	5 Recursos materiais e servizos	12	As aulas e laboratorios	De 1 a 5	
		13	Espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC,...)	De 1 a 5	
3 Resultados	6 Resultados de aprendizaxe	14	As plataformas de tele docencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	
		15	A formación adquirida	De 1 a 5	
		16	A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	De 1 a 5	
4 Prácticas e experiencia	7 Prácticas Externas	17	Realizou algunha práctica externa	Si / Non	
		18	Formación adquirida na práctica.	De 1 a 5	
		19	Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación	De 1 a 5	
		20	Duración das prácticas	De 1 a 5	
		21	Traballa ou traballou nalgún ámbito relacionado coa titulación?	Si / Non	
		22	Indique o tempo que lle levou atopalo	Menos de 3 meses/ Entre 3 a 12 meses/ Máis dun ano	
Preguntas abertas					
Xerais		23	Recomendaría esta titulación a outras persoas?	Si / Non	
		24	En xeral, que é o que máis valora da titulación?	Resposta aberta	
		25	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta	
		26	Podés incluír outros comentarios ou matizacións que considereis	Resposta aberta	

23 de Febreiro - 10 de Xuño de 2021



Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2020-2021

Poboación:	Personal de Administración e Servizos en activo nos centros
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)

Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:

Dimensións	Bloques		Cuestións		Respostas
	1	2	1	2	
1 Xestión da titulación	Información xeral sobre o centro e as súas titulacións		1	A información dispoñible para o alumnado	De 1 a 5
			2	A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo	De 1 a 5
			3	A información dispoñible na páxina web do centro	De 1 a 5
	Comunicación		4	A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións	De 1 a 5
			5	A comunicación co alumnado	De 1 a 5
			6	A comunicación co profesorado	De 1 a 5
Recursos humanos		7	A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico	De 1 a 5	
		8	A formación para facilitar o desempeño das súas funcións.	De 1 a 5	
		9	A dotación do PAS adscrito	De 1 a 5	
2 Recursos	Recursos materiais e servizos	10	As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro	De 1 a 5	
		11	As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo	De 1 a 5	
		12	A información dispoñible sobre a xestión da calidade	De 1 a 5	
3 Xeral	Xestión da calidade	13	As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns	De 1 a 5	
		14	As vías de participación para a mellora da calidade	De 1 a 5	
		15	A xestión das titulacións	De 1 a 5	

Preguntas abertas

4	Preguntas abertas	7	Que é o que máis valora das titulacións?	Resposta aberta
		24	Que melloras considera que se deberían incorporar ás titulacións?	Resposta aberta



25 de Febreiro - 10 de Xuño de 2021